

Proposta de funcionamento das comisións de normalización lingüística

DAVID COBAS MEDÍN

1. Limiar

A seguinte proposta de funcionamento das comisións de normalización lingüística da Universidade da Coruña non está elaborada coa intención de provocar cambios estruturais significativos. Non afecta á composición das comisións, tampouco ás súas competencias, nin tan sequera á maneira de como convocar as axudas para actividades normalizadoras que agora mesmo están establecidas nesta institución. Cuestións deste tipo sempre poden ser obxecto de reformulación, mais para iso cumpriría que todas aquelas partes implicadas na política lingüística da universidade acordasen que modelos de organización serían os máis acaídos para o noso contexto. Así é que o persoal técnico do Servizo de Normalización Lingüística, a Comisión de Seguimento do Plano de Normalización, a Secretaría Xeral da Universidade e as persoas que constitúen, hoxe por hoxe, as comisións de normalización dos centros deben ser partícipes da configuración dun organigrama que permita construír unha comunidade universitaria dinámica no que respecta á defensa e á difusión da lingua galega.

Esta proposta é moito máis modesta e está orientada a mellorar o que até agora se veu facendo. Sobre todo, o que se pretende é ofrecer unha serie de directrices aos membros das comisións co afán de que sexan de proveito para o desenvolvemento do seu labor e, deste xeito, optimizar os recursos de que dispoñen e xestionar eficazmente o tempo que deben dedicar ás tarefas que lles son encomendadas.

Para comezar, a organización desta xornada de formación xa vai nesta dirección. Servirá para contextualizar cal é o traballo dos membros das comisións de normalización. En cada unha das facultades que forman parte da Universidade da Coruña hai persoas dispostas a potenciar o uso do galego no centro, así como nas diferentes disciplinas que se imparten nel. Este capital humano foi nalgúns casos doado de encontrar, mais noutros aínda está por descubrir. Máis complexo que isto é saber como estas persoas poden axudar no proceso

de normalización lingüística. En ocasións, pódese defender unha causa xusta como, por exemplo, pór en pé de igualdade as dúas linguas oficiais desta universidade (xulgo que non fai falta lembrar datos sobre os usos do galego como lingua vehicular da docencia nesta administración – sobre un 10% para os máis despistados), mais non saber como facelo, como axudar de xeito efectivo. É frecuente observar como na defensa do galego se perde moito tempo discutindo ou intentando mostrar un punto de vista a persoas que seguramente non alcancen a compartir as mesmas impresións porque tampouco as persoas dispoñen de todo o coñecemento necesario para rematar por convencer. Sabermos até onde se pode chegar co actual marco lexislativo, podermos dar resposta aos prexuízos que se presentan decotío etc., debe ser unha formación básica para aqueles/as que decidan introducirse no ámbito da dinamización lingüística. Esta xornada pretende ser produtiva neste sentido, xa que aínda que os membros das comisións non son lingüistas, nin sociolingüistas, deben actuar como axentes normalizadores, tanto polo feito de pertenceren ás comisións, como por desempeñaren funcións nunha administración galega que ten a obriga legal de pular pola promoción do galego.

Ademais de adquirir estes coñecementos básicos, tamén cómpre pór certo tino en todas e en cada unha das accións que se queiran desenvolver para conseguir os obxectivos propostos. Hai accións que non teñen custo ningún que poden ser moi favorables para aumentar a presenza do galego na universidade, e outras que poden ser moi custosas (tanto en termos económicos como en desgaste do persoal) e non resultar nada proveitosas. O traballo das comisións ha de ser entón eficiente á vez que eficaz.

A cerna deste artigo consiste en darlle relevancia a aqueles aspectos que poden ser susceptibles de mellora e que, en definitiva, representen cambios favorables no funcionamento das comisións dos centros. Para dedicarlle o seu tempo a cada un destes aspectos, empregaranse unha serie de substantivos deverbais, isto é, substantivos que levan implícita algún tipo de acción. Así, intentarase mellorar no que respecta á *representación, visualización, participación, comunicación, colaboración e información*.

2. Representación do Servizo de Normalización Lingüística

As comisións de normalización lingüística deben ser extensións do Servizo de Normalización Lingüística en cada unha das facultades ou escolas da Universidade da Coruña. Por iso é interesante que as comisións coñezan cales son as funcións do servizo para poder aplicalas despois en cada un dos centros. Isto non significa que as comisións teñan que facer o traballo do servizo, senón que deben saber que forman parte da organización xeral da Universidade en materia de política lingüística. Por tanto, deben velar porque se cumpran as condicións necesarias para que non se vulneren os dereitos das persoas que queiran empregar o galego en todos os contextos que se poidan dar dentro das facultades ou

escolas, así como procurar o fomento do uso da lingua, sobre todo, naqueles ámbitos onde esta teña menos presenza.

Para iso, deben coñecer ben cales son os recursos (quer materiais quer humanos) que o Servizo de Normalización Lingüística pon ao seu dispor, tanto aos membros das comisións como ao resto da comunidade universitaria: asesoramento lingüístico, tradución e corrección orientadas a mellorar a competencia lingüística dos e das profesionais; difundir a oferta formativa para Persoal da Administración e Servizos, para Persoal Docente e Investigador e estudantado; os recursos que se ofrecen, en papel ou a través da web relacionados coa lingua galega: instalación de programas informáticos, correctores, vocabularios etc., entre outros. Os membros das comisións poden actuar como axentes divulgadores de todas estas cuestións no seu centro.

3. Visualización do traballo normalizador

O traballo que se fai na Universidade a prol da lingua galega faríase máis visible de se teren en conta algúns pequenos detalles. Algunha comisión ten no taboleiro do seu centro un espazo reservado para ela. Con este pequeno xesto, conséguese unha cousa moi importante, que é visibilizar perante a comunidade universitaria un traballo que polo de agora fan unhas poucas persoas. É moita a xente que descoñece que se desenvolve un traballo planificado desde a universidade a favor do galego. Descoñece o Servizo de Normalización Lingüística e descoñece a existencia das comisións. Tendo un espazo reservado no taboleiro de anuncios de cada centro non só se dá cobertura á comisión, senón que tamén serve para difundir o traballo que se fai desde o Servizo de Normalización Lingüística. Neste espazo debe aparecer quen compón a comisión, así como unha persoa que actúe como contacto e a quen lle poidan chegar as solicitudes lingüísticas do centro. Outra posibilidade é tentar crear un espazo web reservado propio dentro das páxinas web dos centros. Esta é unha cuestión que se podería estudar para facer en coordinación cos responsables da xestión das páxinas web e dos técnicos do Servizo de Normalización Lingüística, mais que precisan da colaboración e do interese das persoas que conforman a comisión.

4. Participación

Pensárase, desde o Servizo de Normalización Lingüística, levar a cabo unha campaña para promover a participación das persoas nas comisións de normalización dos centros. Como xa se adiantou no limiar, xúlgase que nos centros hai quen está disposto/a a axudar na tarefa de aumentar a presenza do galego na vida universitaria. O que adoita acontecer é que esa xente non chega a coñecer a existencia das comisións. Moitos/as pensarán que non poden participar nelas por seren comisións delegadas da Xunta de Facultade e que só

poden participar persoas electas, mais iso non é de todo certo. Aínda que é verdade que algunhas comisións si forman parte dos órganos de goberno dos centros, é necesario que nelas traballen todos os axentes dispostos a participar activamente no traballo a favor da lingua. Estaría ben, por suposto, que sempre houbera un representante nos órganos de goberno do centro, mais non é imprescindible. De se dar o caso de que alguén quixese participar nas comisións debería facelo. Para o conseguirmos, os membros activos da comisión xogan un papel fundamental. Non é difícil adiviñar, polas súas actitudes cara á lingua, que persoas, xa formen parte do alumnado, do profesorado ou do persoal de administración e servizos, poderían botar unha man e achegar ideas interesantes ás comisións. O papel dos membros da comisión debe ser o de animar a estas a participaren. Todas as novas incorporacións ás comisións deben ser comunicadas ao Servizo de Normalización Lingüística, para deste xeito ir articulando unha base heteroxénea de actores que poden ser chave neste proceso.

Tamén pode ser interesante a implicación de persoas colaboradoras de fóra do centro para desenvolver certas actividades, como pode ser acceder a axudas ou ao financiamento doutros organismos ou empresas privadas.

5. Comunicación

A comunicación entre as comisións e o Servizo de Normalización Lingüística debe ser moito máis fluída. Estaría ben manter unha reunión anual, que tería lugar preferentemente no primeiro trimestre, onde se valore o feito pola comisión no ano anterior: avaliar as actividades feitas e trazar as liñas de actuación para o novo ano.

Despois, nas decisións que tomaren as comisións cando se poña en marcha o desenvolvemento das actividades, por exemplo a publicación das bases, así como cando se soliciten as axudas, o asesoramento do Servizo de Normalización será obrigado.

O Servizo de Normalización Lingüística fará un seguimento de todo o traballo das comisións, xa que, como se dixo antes, estas exercen principalmente o papel de representantes do servizo.

6. Colaboración

Refírese sobre todo á colaboración entre Servizo de Normalización Lingüística e comisións, unha colaboración que circulará nos dous sentidos para, deste xeito, poder transmitir ideas nas dúas direccións. Tanto o servizo como as comisións deben presentar propostas de actividades destinadas a fomentar o uso da lingua galega.

Sería interesante ir elaborando plans de actuación específicos en cada centro (información recollida a través das comisións, entrevistas cos órganos de dirección dos centros, profesorado, persoal de administración e servizos, alumnado etc.; coñecementos das saídas profesionais das distintas especialidades, dos datos sociolingüísticos do centro etc.) A partir desta pormenorizada, mais necesaria, diagnose que o Servizo de Normalización Lingüística debe ir facendo pouco a pouco, debe darse prioridade a aqueles centros onde as comisións parezan máis dispostas a colaborar ou onde se crea máis conveniente intervir porque pode ser unha boa etapa para traballar nun centro determinado. Así iranse establecendo obxectivos e estratexias particulares en cada unha delas. Estas intervencións serán graduais, dependendo dos datos que forneceren as diagnoses, desde unha simple actividade de mellora de actitudes, até accións de afianzamento de boas prácticas.

Tamén existen actividades que se poderían aplicar de xeito xeral en todos os centros e, aínda que vaia recaer sobre o servizo a maior parte da responsabilidade da súa execución, necesítase da inescusable colaboración das comisións de cada un deles. Por exemplo, dotar os equipos informáticos dos centros de software en galego, de ferramentas relacionadas coas novas tecnoloxías; levar adiante campañas integrais para a formación transversal en galego de todo o persoal docente e investigador: publicar materiais docentes a través do servizo de publicacións, que poden ir acompañados de cursos de formación relacionados coa creación de unidades didácticas ou de presentacións eficientes etc.; ou a creación dos premios á calidade lingüística dos traballos presentados polo alumnado nas diferentes materias das súas carreiras; campañas de promoción do multilingüismo (nas cales non só deben ter presenza as grandes linguas estatais), favorecendo a acollida e o intercambio cultural e lingüístico do estudiantado estranxeiro nos dous campus, a creación dunha revista universitaria; un voceiro do Servizo de Normalización Lingüística e das comisións, que dea cobertura ás súas actividades e outras novas sobre lingua etc., son campañas que poderían ser levadas a cabo en cada un dos centros da universidade. Só é preciso a colaboración das comisións para difundilas e lograr que teñan éxito.

7. Información

As comisións deben estar informadas das novidades que se foren producindo con respecto á lingua galega. Coñecer a actualidade de primeira man, con detalle, como foi a modificación da lei da función pública e como lle afecta iso ao galego na universidade, que foi iso da *enquisa do galego* de que tanto se falou etc. En definitiva, cuestións polas cales calquera persoa que traballa a prol do galego pode ser consultada deben ter unha resposta rápida e con coñecemento de causa. Para iso, xa está o espazo web do servizo reservado para a bibliografía sobre sociolingüística, que se proverá tamén dunha serie de novas relevantes que se consideren de interese para todos/as. Tamén o correo electrónico será unha ferramenta útil nestas ocasións e o traslado de información deste tipo pode resultar reveladora.

8. O gran problema: a falta de tempo

Non se debe entender o traballo que se fai nunha comisión como unha actividade máis que vai ocupar tempo e que se ten que acrecentar a outras que se desenvolven por obriga ou por pracer. O labor normalizador cotián está en todo, porque a lingua é unha rede que atravesa case todas as actividades que se realizan. Está nos apuntamentos que se recollen na clase, no documento en que informan dunha bolsa, dun concerto no campus, está na lingua en que se dan as clases, en que fala a administrativa da matrícula, en que se le a bibliografía dunha materia, en que se expide un certificado etc. Detectar as eivas neste sentido e consultar co Servizo de Normalización Lingüística sobre como se poden minimizar non resulta tan custoso. Por exemplo, como non reparar en que se unha persoa non ten a posibilidade de dispor dos apuntamentos dunha materia en galego e de recibir un exame formulado en galego, dificilmente poderá utilízalo no desenvolvemento da materia ou no exame? Propiciar que se dean as circunstancias ambientais óptimas para que se empregue o galego, ás veces, non debería ser tan complicado. O único custo é ser falante activo de galego.

Por outra banda está o tempo que se inviste á hora de realizar unha actividade, que tampouco debe ser un problema. Non se ten que traballar por obriga todos os anos nunha actividade, convén realizar unha acción de calidade cada dous anos, que unha cada ano feita ás présas. Haberá que pensar en tirar rendibilidade de accións exitosas levadas a cabo con anterioridade noutros centros, tanto da Universidade da Coruña como doutras diferentes. Convén ir dando pasos seguros, aínda que estes sexan máis lentos.

9. O recoñecemento

Xa como última cuestión, é obrigado lembrar que a implicación que os membros das comisións teñen coa lingua galega debe ser recoñecida dalgún xeito pola institución universitaria. A participación desinteresada deste colectivo nun proceso que debería impulsar con máis forza a propia administración tería que conceder algún mérito aos axentes que traballan nel. De todos os xeitos, tanto a comunidade universitaria, como a cidadanía en xeral, está agradecendo xa este acto de responsabilidade social que é a dignificación do idioma de todos/as os/as galegos/as.